



ORDENANZA FISCAL 8 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NOS CEMITERIOS MUNICIPAIS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación de servizos nos cemiterios municipais, a que se refire o artigo 20.4.p) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente ordenanza, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa, a prestación dos servizos nos cemiterios municipais, tales como: asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, enreixados e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos e calquera outros que, de conformidade co establecido no Decreto 134/1998, de 23 de abril, polo que se aproba o Regulamento de policía sanitaria mortuoria da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais disposicións que resulten de aplicación, sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

1.- Estarán obrigados ao pago da taxa, en concepto de contribuínte:

- a) Os familiares herdeiros das persoas falecidas para cuxo enterramento se soliciten licenzas ou servizos determinados.
- b) Os titulares das concesións de sepulturas, das concesións de parcelas e/ou das licenzas de obras.

2.- Serán substitutos do contribuínte as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, dedicadas á prestación de servizos funerarios, cando solicitasen ao Concello, en nome dos contribuíntes, a prestación dos servizos que constitúen o feito imponible.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable dos servizos nos cemiterios municipais.

Artigo 6. Cota tributaria

A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

6.1. Concesións

A) CEMITERIO DE SAN MAURO:			
1.- Terreo:		672,20 €/m ²	
Autoliquidarase coa solicitude de licenza de obras para construción de panteón sobre terreo:			
a) Por nicho:		224,07 €	
b) Por cinseiro:		89,63 €	
2.- Nicho:			
a) Zona antiga (1ª a 8ª)			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	224,07 €	448,14 €
	2ª	224,07 €	492,94 €
	3ª	224,07 €	492,94 €
	4ª	206,13 €	430,21 €
b) Zona antiga (9ª a 20ª)			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	259,93 €	1.075,53 €
	2ª	268,89 €	1.165,15 €
	3ª	268,89 €	1.165,15 €
	4ª	250,97 €	985,89 €
c) Ampliación (1ªA en diante)			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	342,73 €	1.428,07 €
	2ª	372,55 €	1.552,25 €
	3ª	372,55 €	1.552,25 €
	4ª	312,94 €	1.303,87 €
3.- Columbario:		32% tarifa nicho	
4.- Cinseiros:			
Zona 1ª, 2ª e 3ª			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	103,07 €	170,29 €
	2ª	107,55 €	179,25 €
	3ª	107,55 €	179,25 €
	4ª	98,58 €	152,36 €
B) CEMITERIO DE BORA:			
1.- Terreo:		224,07 €/m ²	
Autoliquidarase coa solicitude de licenza de obras para construción de panteón sobre terreo:			
a) Por nicho:		107,55 €	
b) Por cinseiro:		44,80 €	
2.- Nicho:			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	156,28 €	736,41 €
	2ª	164,52 €	752,08 €
	3ª	164,52 €	752,08 €
	4ª	148,07 €	724,67 €
C) CEMITERIO DE PONTESAMPAIO:			
1.- Terreo:		224,07 €/m ²	
Autoliquidarase coa solicitude de licenza de obras para construción de panteón sobre terreo:			
a) Por nicho:		107,55 €	
b) Por cinseiro:		44,80 €	



2.- Nicho:			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	156,28 €	1.256,60 €
	2ª	164,52 €	1.316,14 €
	3ª	164,52 €	1.316,14 €
	4ª	148,07 €	1.292,65 €

D) DEMÁS CEMITERIOS (LOURIZÁN, CAMPANÓ,...):

1.- Terreo:		224,07 €/m ²
Autoliquidarase coa solicitude de licenza de obras para construción de panteón sobre terreo:		
a) Por nicho:		107,55 €
b) Por cinseiro:		44,80 €

2.- Nicho:			
	Filas	Por 5 anos	Superior a 5 anos
	1ª	170,29 €	492,94 €
	2ª	179,25 €	537,76 €
	3ª	179,25 €	537,76 €
	4ª	161,33 €	448,14 €

6.2. Transmisión de concesións

A) POR HERDANZA: Coa instancia de solicitude haberá de xustificarse a condición legal de herdeiros e satisfará por:

1.- Nicho:	17,92 €
2.- Cinseiro / columbario:	8,96 €
3.- Panteóns:	
a) Transmisión terreo:	53,78 €/m ²
b) Ademais deberá pagar por m ² se a instalación é:	
> Soterrada:	8,96 €/m ²
> Elevada:	17,92 €/m ²

B) ÍTER VIVOS:

1.- Terreo:	50% valor tarifa
2.- Nicho:	50% valor tarifa
3.- Columbario:	50% valor tarifa
4.- Panteón:	
a) Instalación soterrada:	40% valor tarifa nichos e terreo
b) Instalación elevada:	50% valor tarifa nichos e terreo

6.3. Licenzas para instalacións

Satisfarán por unha soa vez:	
A) Lápidas en terra e cinseiro:	8,07 €
B) Lápidas en sepulturas soterradas:	10,76 €
C) Lápidas en panteóns, nichos, criptas e cinseiros:	16,14 €
D) Revestir fornelas-nichos con materiais nobres (por nicho):	26,88 €

6.4. Licenzas para inhumacións e exhumacións

A) En nicho municipal:	35,85 €
B) En sepulturas soterradas, panteóns e mausoleos:	71,70 €
C) De párvulos, fetos, restos anatómicos e cinzas procedentes de incineración:	13,46 €
D) Exhumación:	
1.- De cadáveres:	170,02 €
2.- De restos cadavéricos:	85,02 €
3.- De cinzas:	13,46 €

6.5. Depósito municipal de cadáveres

Por cada día que un cadáver embalsamado permaneza nel:	13,46 €/día
--	-------------

6.6. Utilización capela

Utilización da capela (por cada servizo):	48,66 €
---	---------

A cota tributaria reducirase a cero polos servizos que se presten con ocasión de enterramentos de indixentes e cadáveres sen identificar por orde xudicial

Artigo 7. Devengo

A taxa devéngase cando se inicie a prestación dos servizos que constitúen o seu feito impositivo.

Artigo 8. Normas de xestión

1. A taxa esixirase en réxime de depósito previo do seu importe total, de acordo co exposto no art.26.1.a) do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, o depósito satisfarase, conforme o previsto neste mesmo artigo, antes da presentación da solicitude de prestación de servizos. Non se iniciará a tramitación de expediente ningún sen que o solicitante acompañe á solicitude presentada xustificante de ter efectuado o depósito.

2. As persoas interesadas na solicitude de prestación de servizos nos cemiterios municipais, presentarán a correspondente autoliquidación e efectuarán o seu ingreso. O prazo de pago en período voluntario das autoliquidacións será de cinco días naturais. Así, no Rexistro Xeral, presentarán xuntamente coa súa solicitude de licenza, o xustificante bancario do ingreso efectuado.

3. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, visados polo facultativo correspondente.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 13 de novembro de 1998, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión día 28 de outubro de 2013, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.